

Contido:

Subvención ás asociación de comerciantes sen fins de lucro ou federacións de asociación de comerciantes	1
Subvencións de Q de calidade	2
Subvencións a axencias de viaxe para o desenvolvemento das actividades de promoción e comercialización turística do destino Galicia	3
Plan de práctica laboral en empresas 2014	4
Axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2014	
Próximos cursos de formación organizados por APE Galicia	5

Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións, para a revitalización do comercio de proximidade e incentivación da demanda comercial

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 25 de febreiro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións, para a revitalización do comercio de proximidade e incentivación da demanda comercial, e se procede á súa convocatoria (IN220A).

Beneficiarios : Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, **as asociacións de comerciantes sen fins de lucro**, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia e supere o municipal. Para os efectos desta orde, entenderase que as referidas asociacións teñen un ámbito de actuación superior ao municipal, cando menos o cincuenta por cento dos comercios polo miúdo asociados se atopen en dous ou máis concellos diferentes a aquel onde radique a sede da asociación. Tamén poderán ser beneficiarias das subvencións **as federacións de asociacións de comerciantes**, legalmente constituídas, que pretendan levar a cabo proxectos de interese e transcendencia no ámbito comercial.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140313/AnuncioCA04-050314-0002_gl.html



APE Galicia

Plaza de España nº1, 1º
oficina 1
36002 Pontevedra

Teléfono: 986891657
Móvil: 663 881 047
E-mail: info@apegalicia.es

Subvencións a establecementos de turismo rural, establecementos hoteleiros, apartamentos e vivendas turísticas, campamentos de turismo, axencias de viaxes, cafetarías, bares, restaurantes e empresas de servizos turísticos complementarios, nos procesos de certificación, seguimento e renovación das correspondentes normas UNE co obxecto da obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE)


AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 4 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a establecementos de turismo rural, establecementos hoteleiros, apartamentos e vivendas turísticas, campamentos de turismo, axencias de viaxes, cafetarías, bares, restaurantes e empresas de servizos turísticos complementarios, nos procesos de certificación, seguimento e renovación das correspondentes normas UNE co obxecto da obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, TP 5.57.2, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Beneficiarios : Poderán ser beneficiarias das subvencións **as persoas físicas, as persoas xurídicas constituídas baixo forma mercantil ou civil e as comunidades de bens**, que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e que teñan inscrita conforme estableza a normativa turística, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en adiante REAT), a actividade turística para a cal se solicita a axuda, con base nos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Os anteditos beneficiarios deben estar comprendidos na definición de pequena e mediana empresa (peme). non excede os 50 millóns de euros ou cuxo balance anual non excede os 43 millóns de euros.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140313/AnuncioG0256-070314-0005_gl.html



CALIDAD TURISTICA



Subvencións a axencias de viaxe para o desenvolvemento das actividades de promoción e comercialización turística do destino Galicia

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 4 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a axencias de viaxe para o desenvolvemento das actividades de promoción e comercialización turística do destino Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, TP 5.57.2, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.


Beneficiarios :

Poderán ser beneficiarios das subvencións **as persoas físicas, xurídicas, constituídas baixo forma civil ou mercantil, ou comunidades de bens**, que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e sexan titulares de axencias de viaxes que realicen a súa actividade en Galicia, e que estean comprendidas na definición de pequena ou mediana empresa (peme). As axencias deberán contar con clasificación turística expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia por estar radicada nesta a súa casa central, ou ben ter sucursais debidamente inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia.

Poderán ser beneficiarias destas subvencións **as asociacións**, legalmente constituídas, cuxos asociados sexan nun 50 % entidades que reúnan os requisitos establecidos. Tales asociacións deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140313/AnuncioG0256-070314-0003_gl.html



Plan de práctica laboral en empresas 2014

Solicitud empresas

A Deputación de Pontevedra pon en marcha un "Plan de práctica laboral", en colaboración coas empresas do sector privado da provincia de Pontevedra, para mozos titulados universitarios e de formación profesional, sen experiencia laboral previa no ámbito da súa formación, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ó mercado de traballo.

Prazo: Fin de prazo **7 de abril**.

Lugar de presentación da solicitude :

Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)

Sede de Vigo: r/ Oporto, 3 (de luns a venres)

Rexistros da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma, e demais formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Enlace: <http://www.boppo.depo.es/bop-portlet/download?groupId=31603&folderId=2005804&fileName=bop.PONTEVEDRA.20140314.051.pdf#page=15>



Deputación
Pontevedra



Axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2014

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 21 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2014.

Beneficiarios: As entidades beneficiarias das axudas recollidas nesta orde de convocatoria serán:

Na liña 1, programas de formación intersectorial en materia de prevención de riscos laborais de ámbito galego:

-As **asociacións patronais** constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, que recollan expresamente nos seus fins o fomento da prevención de riscos laborais e as organizacións sindicais con representatividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter intersectorial en ambos os casos.

Na liña 2, outras accións de fomento da prevención de riscos laborais:

-**Fundacións sectoriais** paritarias para a promoción da prevención da seguranza e saúde laboral, nadas da negociación colectiva ou de acordos sectoriais, con sede e actividade en Galicia.

-**Organizacións sindicais** con representatividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de carácter sectorial como intersectorial.

-**Asociacións empresariais** de ámbito galego, provincial ou autonómico, sectoriais ou intersectoriais, constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, que recollan expresamente nos seus fins o fomento da prevención de riscos laborais.

-**Asociacións profesionais de traballadores e traballadoras autónomas rexistradas** segundo o establecido no Decreto 406/2009, do 22 de outubro, que recollan expresamente nos seus fins o fomento da prevención de riscos laborais.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140328/AnuncioCA05-240314-0001_gl.html

Próximos cursos organizados por APE GALICIA :

Curso gratuito de "Redes sociales" 55h
Sólo para autónomos
Abierto plazo de inscripción !!!!
info@apegalicia.es
tel. 986.891.657



APE GALICIA

Asociación Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia

Praza España Nº1 Andar 1º Esq. Oficina 1ª
36002 Pontevedra

E-mail: info@apegalicia.es

Tel. 986.891.657

Www.apegalicia.es